

CABANILLAS, CAMBADOS E O VENTO MAREIRO

Francisco Fernández Rei
Real Academia Galega

Resumo: O presente traballo analiza algunhas características da poesía inicial de Ramón Cabanillas (1876-1959). Despois dunhas notas sobre a saudade da paisaxe e do seu mundo cambadés en *No desterro* (1913), o relatorio céntrase na relevancia do segundo poemario do autor, *Vento mareiro* (1915), na modernización da lírica galega e a súa recepción entre a elite galeguista do momento, polo que o “poeta arelado” pasaría a ser o “Poeta da Raza” ó se constituíren as Irmandades da Fala no 1916. A seguir trátase a paisaxe e outros elementos da vila natal do poeta presentes na obra, xa no propio título; e logo dunhas consideracións sobre documentación literarias do sintagma *vento mareiro* e a súa significación no galego oral de Cambados e de Rianxo, analízase a orixe da cuberta de Castelao para a edición do 1921 deste poemario de Cabanillas, ben acollido polo vangardismo galego desta década.

Abstract: The present study is an analysis of some characteristics of the initial poetry of the significant Galician writer Ramón Cabanillas (1876-1959). After some considerations on the sentiment of homesickness in the first book of poems *No desterro* [In exile] published in Havana in 1913, the author focuses on the relevance of the second book of poems, *Vento mareiro* [The Sea Breeze] (Havana 1915), in the modernization of the Galician lyric and its reception by the Galician elite of that period that would acclaim Cabanillas, the “poeta arelado” [desired poet], as the “Poeta da Raza” [Poet of the Race], in 1916, when the national Galician organization *Irmandades da Fala* [Fraternity of Language] was being constituted. The author evaluates the scenery and other features of the native village present in the text and analyses in detail the syntagm *vento mareiro*, its literary evidence and significance in oral Galician of Cambados and Rianxo, as well as the origin of the Castelao’s cover for the second edition of Cabanillas’ poem book (1921) that was well received by the Galician avant-garde of that decade.

Palabras chave: Ramón Cabanillas, poesía galega, paisaxe, vento mareiro, Castelao, Hokusai.

Key words: Ramón Cabanillas, Galician poetry, scenery, “vento mareiro”, Castelao, Hokusai.

Para min fora unha satisfacción inmensa ingresar na Real Academia Galega nun plenario extraordinario celebrado en Cambados, no Instituto que leva o nome de Ramón Cabanillas, situado mesmo enfrente do cemiterio de Fefiñáns, onde hai 56 anos enterraron o autor de *Vento mareiro*. Non foi menor a satisfacción que sentín cando en novembro do 2009 participei neste Auditorio no plenario de homenaxe a Cabanillas a que se referiu a alcaldesa no seu discurso de salutación.

O Cambados de hoxe xa non é tan “probe e fidalgo”, pero segue a ser igual de soñador, do que é boa proba as moitas actividades culturais que se realizan neste concello durante o ano, sen que nunca falten actos en honra de Cabanillas, con xente sempre disposta a participar, como ben se viu o pasado luns aquí, no Auditorio da Xuventude, con persoas novas e non tan novas recitando textos da 1ª edición de *Vento mareiro* e con nenos e nenas –entre elas unha meniña de só cinco anos– resistindo despois das nove e media da noite cando tiñan escola no outro día, para cantaren o poema “Era un piniño verde” co que lle puxeron o ramo a un cabodano de Cabanillas no que ¡por fin! 56 anos despois da súa morte, se colocou unha placa na casa da rúa do Hospital onde pasou os derradeiros días da súa vida o Poeta das Irmandades da Fala, tal como reza nesa placa.

Como académico quero agradecerlles ós membros da institución que me nomeasen para intervir neste acto, na miña vila, o que para min é unha inmensa honra; e como cambadés, quero agradecer a total receptividade que no seu día o Presidente e os membros da Academia mostraron cando solicitei que se celebrase en Cambados un acto para conmemorar o centenario da publicación de *Vento mareiro*. Por outra parte, teño que manifestar que me sinto moi contento de que os tres relatores deste acto (o presidente da Academia Xesús Alonso Montero, o profesor e investigador Emilio Xosé Ínsua e eu mesmo) teñamos o Premio Cabanillas que na véspera do Día das Letras conceden os Libreiros de Cambados, como o ten a académica Fina Casalderrey, que acaba de recitar; e entre o público vin xente á que tamén llo concederon, como Manuel Núñez, que tanto leva traballado coa obra de Cabanillas co seu alumnado.

1. A SAUDADE DO MUNDO CAMBADÉS

No “desterro” en Cuba, onde arribou despois de embarcar en Vigo no vapor *Dania* en setembro do 1910, Cabanillas sente saudades do seu mundo cambadés, como se aprecia na correspondencia ós seus “correligionarios”, onde mostra

morriña pola campá da igrexa de Fefiñáns, polas congostras de San Tomé, polo paseo da Calzada, polos “virvirichos” do Serrido e os “xurés fritos”, pola taberna de Aniceto...

O contacto de Cabanillas coa paisaxe cambadesa na nenez e na adolescencia formou a alma do poeta, segundo Fernández del Riego (2000: 27), que considera que esa paisaxe axuda parcialmente a explicar as preferencias, a concepción da vida e as actitudes dominantes do escritor:

Todo, na paisaxe evocada, vibra e fala ao unísono, e ri na ledicia primaveral, e atristúrase nos días outonizos. Nos poemas trascende, en moitas ocasións, a saudade terrea, a lembranza enternecida dos lugares vividos na nenez.

A súa ollada diríxese, a cada momento, a cousas ben concretas e determinadas: a saída do sol polo Castrove, e a súa posta polo mar de Sálvora; a señorial praza de Fefiñáns; o monte da Pastora, que considera o mellor miradoiro do val do Salnés; a torre de San Sadurniño cos seus salseiros; San Tomé do Mar, cos seus mariñeiros...

En palabras de Fernández del Riego, a paisaxe da poesía do poeta cambadés non é unha paisaxe interior, da alma, senón que máis ben se mostra cunha sensación exteriorizada, con emprego, sobre todo, de elementos externos, que producen unha neta e tensa sensación evocadora. Cabanillas reflectía o que pasaba diante del, a vida, pero “a súa poesía ten unha emoción baril, moi chea de presaxio e de sentimento lírico, cando canta as circunstancias do mundo que o arrodea”.

A saudade do mundo cambadés reflectiuna en diversos textos do seu primeiro poemario, *No desterro*, editado en La Habana no 1913 cando contaba 36 anos e prologado por Basilio Álvarez, o que contribuíu á súa difusión. Nel evoca o son da vella campá choca de San Bieito de Fefiñáns e evoca a traíñeira, á que lle pide que erga bulindo a vela e que meta o temón á présa para o “probe desterrado” devolver ó patrio lar. Nesa veloz traíñeira os seus pensamentos cruzan rapidamente o Atlántico que o separaba da máxica ribeira do seu “lago cambadés”. A mesma saudade da distancia vese nos sonetos costumistas da sección “Paisaxes” de *No desterro*, onde está moi presente a paisaxe humana da ribeira (mariñeiros e reghateiras) e a paisaxe física da xente que traballa no mar e dos seus barcos; e tamén o solpor (“Sol de outono, no mar calmo fungue o lume”). Na tarde de hoxe puido gozarse dun solpor violáceo, co sol que se meteu contra o puntal de San Vicente do Grove, e con calma borrada nas augas do “lago cambadés”.

O soneto “No pinal” non ten referencias xeográficas explícitas, pero sen dúbida ningunha se trata do de Traghove. Cabanillas evócao coa mestura de olor a terra e a mar picado (“cheira a resina, funcho e marusía”), á vez que o evoca co

vento mareiro (“Xeme o vento mareiro unha elexía / antr’os pinos que fungan mormullando”).

Este popular e agarimoso vento cambadés (e doutras ribeiras do Salnés arou-sán) está no título do seu segundo libro *Vento mareiro*, de 1915, tamén editado en La Habana; e aparece en moi diversos textos, entre outros, no comezo do poema “A calzada de Cambados”, a fermosa elexía que escribiu no 1925 cando lle morreu a muller ó seu amigo o pintor Francisco Lloréns:

Sol de vran. O mar de Arousa,
de praia a praia tendido,
canso de loitar, repousa.
Ceo azuado e senlleiro.
Limpou de néboa á Curota
o maino vento mareiro

Con todo, ese vento nalgún caso non parece tan maino, como ben se ve na prosa poética do texto “A morte do gaiteiro (A Xaquín Pesqueira)”, que fecha o poemario que hoxe conmemoramos; así, na parte I, despois de cantar o sol, a campá e os paxaros, refírese ó mareiro deste xeito:

O vento mareiro, fuxindo na praia deserta, espalla nos aires, bate nos penedos, esgasa nas ponlas dos carballos, fende nos arcos das pontes, colga nas edras das casas vellas e estende sobre do espello do río os repiniques do redoblante, o estalo lonxano dos foguetes, o barullo das pandeiras e os salaios da gaita.

Con todo, na parte II do poema estamos perante un “ventiño mol cuaxado de arumes de campía”, que “empuxa con soavidá de nai que move o berce, as follas da chanela”; é un “vento maino”, que ó estar entreaberta a ventá, con el “chegan paseniño trouqueleos das castañetas, bruidos do ronco, a voz mormuradora das zanfónas cantareiras, as risadas cristaíñas da festeira moxedá”. Con ese vento maino veñen “tódolos rumores do turreiro”.

2. CABANILLAS, O POETA ARELADO

Entre a publicación d’O *divino sainete* (1888) de Curros e a aparición de *No des-terro* (1913) transcorren 25 anos nos que se publicou un quión de poemarios, de escasa ou nula calidade poética e de moi escasa calidade lingüística. Non había na poesía de entre séculos renovación estética, o que alarmara, entre outros, a Murguía, que vía que estaba en perigo o Rexurdimento literario galego que tanto custara levantar.

A aparición de *No desterro* e, sobre todo, a de *Vento mareiro* supuxo unha sensación de alivio e de esperanza por ser un “aggiornamento”, unha posta ó día da linguaxe poética galega. Cabanillas era o poeta arelado e o poeta daquela necesario, louvado e respectado polo galeguismo. Basilio Álvarez comezaba a introdución de *No desterro* afirmando que xa se encontrou o poeta, “al gran poeta que nos levaron el día que enterraron a Curros”.

No mesmo ano en que se editou *Vento mareiro*, Eugenio López Aydillo facía unha recensión deste “libro excepcional; uno de esos libros con los que más de una vez habréis soñado en la triste desesperanza de que jamás ha de ser escrito”. Segundo este correlixionario de Cabanillas no redencionismo agrario, o poemario significaba o revivir da lírica galega, “acorde con los tiempos de ahora, sin fosilizaciónes ni arcaísmos, que continúa el desarrollo de nuestra lírica después del lastimoso estancamiento que cronológicamente va de Curros a Cabanillas, con el vigor juvenil de una estética moderna y universal”. Para López Aydillo, tratábase dun poeta tan forte como Curros, “y ha de ser más fecundo y más trascendental innovador de la lírica gallega que ninguno de los poetas de la pléyade de oro” (Cabanillas 1981: 607-608).

Porteiro Garea, no discurso de fundación da Irmandade da Fala de Santiago no 1916 á que se anotara o poeta cambadés, dicía del que era “un enorme poeta tan grande como Curros”, coa vantaxe de os seus versos tomaren as formas dos grandes vates do mundo latino como Guerra Junqueiro, Rubén Darío e D’Annunzio.

Para Antón Villar Ponte (1917), Cabanillas era o *vate*, o precursor do segundo renacemento literario galego, que coincide coa Gran Guerra europea; era o “Poeta da Raza”¹; o “poeta arelado”, que co seu xenio eclipsaba os poetas “que cantaban por afición en rimas artificiais, sin saír dos vellos moldes dos precursores, pais groriosos do primeiro renacemento literario galego”. Villar Ponte salientaba a modernidade da obra de Cabanillas, a quen lle outorgaba o papel de poeta nacional semellante ó de Verdaguer nas letras catalás (Cabanillas 1981: 617):

Nos versos do autor do *Vento Mareiro* apréciase a nobre afanía de facer unha lingua “actualizada” como a catalana e a portuguesa. Ó longo deles non podería atopar o P. Blanco, si vivira, o labrego cantor que descubreu en Lamas Carvallal. Tampouco o *vate* dos *iai!* e dos *iei!* de que falou Rodríguez Sanz, refiríndose a Rosalía e a Curros. Pondal foi noso primeiro “raro” no senso en que

1 Contra o final do seu longo camiño vital, o cambadés consideraría ridícula a denominación de poeta da Raza con que o bautizara A. Villar Ponte no 1917, tal como pode lerse nunha carta a Fernández del Riego no 1948: “ten presente que nos comenzos da miña laboura atopábame cáseque sóio na trincheira poética combatente, e como había que alporizar xente representativa bombeáronme sin ton nin son e cangáronme a cruz do ridículo «poeta da raza»” (Cabanillas 1981: 532).

empregaba iste termo Rubén Darío. Cabanillas é o primeiro “poeta nacional” de Galicia, como fórao Verdaguer de Cataluña.

Cando se edita *Da terra asoballada*, Barcia Caballero (1917) contrasta o Cabanillas “cantor afortunado de *Vento Mareiro*, onde anidan tantos ruiseñores y estallan como luminarias en noite de fiesta tantas armonías” co poeta agora contaxiado da peste reinante que engarza “en sus cristalinos versos maldiciones y denuestos”. Condena as “imprudentes e irracionables propagandas” de *Da terra asoballada*; con todo, Barcia afirma que “Cabanillas es el mismo de siempre; el poeta valiente y varonil que cincela, graba y esculpe sus versos en mármol y en bronce de la peregrina manera en que es maestro” (Cabanillas 1981: 618-619).

Peña Novo (1917) defende a Cabanillas, “un poeta de hoxe”, do ataque de Barcia, “un valor histórico que se sobrevive a sí mesmo”, que censura sen razón o autor de *Da terra asoballada* e ataca con saña as Irmandades da Fala:

Pra criticar a obra de Cabanillas hai que entendela, e o señor Barcia non o entende; Cabanillas é un poeta de hoxe, fecundo de ideás outos que inspiran a sua poesía esgrevia; Barcia é un valor histórico que se sobrevive a sí mesmo; esquirbe e pensa como no século pasado; pra el a finalidade suprema da poesía é a múseca a senioridade de palabras como canto de ruisiñol, como estados de lumiaría. E os tempos de lumiarías fináronse Sr. Barcia; a gran virtude de hoxe está en apricar a ideas sanas e redentoras isas enerxías que vosté e os poetas da sua xeneración gastaron en luminarias queixentas e en folklorismos estériles. (Cabanillas 1981: 620-621).

Cando no 1921 se reeditou *Vento mareiro*, foi obxecto de admiración mesmo por parte dos poetas novos. É o caso do vangardista Amado Carballo, que quedara impresionado pola beleza e pola forza expresiva, pola modernidade e pola “posta en marcha” da lingua galega despois da lectura de *Vento mareiro*, tal como manifestou o seu amigo Xoán Vidal Martínez:

Le había impresionado mucho la lectura de *Vento mareiro*, no sólo por su belleza y fuerza expresiva, sino también por su modernidad y “puesta en marcha” del idioma vernáculo. Luego conoció personalmente a Cabanillas, en Mondariz. El espíritu que informa la poesía de Amado Carballo emana directamente de la obra, enraizada en el rus, del poeta de Cambados. Aunque sea menos solemne, respondiendo a la jovialidad de Amado, tan felizmente emparejada con el folklore regional².

2 A cita está tirada de Pena (1996: 106-107), que sinalou a existencia dalgunhas similitudes entre o citado poemario de Cabanillas e o libro *Proel* de Amado Carballo.

Cando Manuel Antonio no coñecido manifesto *iMáis Alá!* (1922), que tamén asina o seu amigo o pintor Álvaro Cebreiro, non respecta nin sequera a Rosalía, Curros e Pondal, as tres coroas poéticas do Rexurdimento literario galego³; e cando desde o xornal *Galicia* en 1924 o rianxeiro segue igual de provocador ó se referir ós poetas da terra “tan homildosos devotos da Santa, do Bardo e do Rebelde”, en principio, podería entenderse que un dos destinatarios principais desa feroz crítica, se cadra o principal, era o “arelado” e “necesario” Cabanillas, o gabado “Poeta da Raza”, porque na súa obra hai clarísimas pegadas da santa Rosalía, pero tamén do bardo Pondal e do rebelde Curros⁴.

O vate de Fefiñáns non era o modelo para os rupturistas vangardistas da década de 1920, pero respectaban a súa obra, e de xeito especial *Vento mareiro*. Segundo Millán Otero (1996: 573), mostra se cadra da veneración “con que se lle lía a comezos da década, é o silencio que sobre el bota o manifesto «iMáis alá!»: Manuel Antonio, dun brochazo, deixa en sombra toda a nosa tradición literaria... pero sobre Cabanillas nada se di”.

Nunha carta a Victoriano Taibo do 1921, Manuel Antonio dille: “A Cabanillas atopábao moito por Vigo; é simpático e bó, coma poucos”⁵. Logo, mentres están a xestar o manifesto, en carta de xaneiro do 1922, Cebreiro dille ó seu amigo se leu o poemario de Cabanillas: “Liches, ou millor dito viches o *Vento mareiro* e a *Doctrina Nacionalista* [de Ramón Villar Ponte]. Telos que mercar, se non os tes mercados ja” (Manuel Antonio 2015: 396). A edición do 1921 tiña cuberta de Castelao e ilustracións do propio Cebreiro, estas “executadas en estilo moi modernista”, en palabras de Carballo Calero (1959: 24). Pouco despois, Manuel Antonio pedíralle ó propio Cebreiro un exemplar desa obra que disque tiña Ramón Villar Ponte⁶.

É moi evidente que a estética de Manuel Antonio e a de Cabanillas son totalmente antagónicas; pero tamén é certo que unha vangarda rupturista como a que o rianxeiro representa non sería posible de non teren preparado o camiño escritores como Cabanillas, en certo modo ponte entre a tradición que procede do Rexurdimento do século XIX e a ruptura que representan os vangardistas da década de 1920. En palabras de Vicente Risco (1922), *Vento mareiro* tiña o “fondo

3 Nunha carta de xaneiro do 1922, Cebreiro faláballe da urxencia do manifesto e pedíalle que non se metese con Rosalía, pero si cos demais: “Non te metas con Rosalía, á que non é blasfemia comparar con Cristo. Con todo-los demais, si, incluso con Pondal” (Manuel Antonio 2015: 395).

4 Sobre os tópicos sobre Cabanillas cf. Rei Romeu (1988: 78).

5 Segundo Axeitos, a carta debe ser do verán do 1921 (Manuel Antonio 2015: 120).

6 En carta de 5 de marzo do 1922 escribe: “De camiño que mandas o manifesto, manda un exemplar de *Vento Mareiro* que ten Ramón Villar Ponte, e que me dixo en Monforte que m’había de mandar” (Manuel Antonio 2015: 137); días despois, o 17 de marzo, dille a R. Villar Ponte que recibiu o exemplar de *Vento Mareiro* (Manuel Antonio 2015: 139).

valor inicial de anuncio dunha nova era nas nosas letras”, á vez que sinalaba que dese poemario “son caxeque tódolos versos que todos dependemos de memoria e gozamos en recitar a cotío”.

A admiración e o respecto pola súa obra foi unha constante ó longo de toda a súa vida. Luís Rei (2000: 35), mantedor do acto que a Academia celebrou neste Auditorio en novembro do 2009, nas I Xornadas sobre Cabanillas celebradas no 1999 en Cambados, dicía que “seguramente foi o poeta galego máis louvado en vida”. E o autor da excelente crónica dos destellos e saudades do vate de Fefiñáns engadía: “Foi un escritor celebrado desde a publicación do seu primeiro libro en Cuba ata a súa morte en Cambados. Erixírono en símbolo (bandeira unhas veces e mascarón de proa outras) do Agrarismo, das Irmandades da Fala, do galeguismo de combate de anteguerra e do culturalismo de posguerra. Non sei se esaxero, pero son da opinión de que estamos ante o poeta máis valorado do século que remata”.

3. CAMBADOS E VENTO MAREIRO

Ramón Caride (1988) dixo de *Vento mareiro* que era “o poemario máis cambadés e consecuentemente, paradoxalmente tamén, máis universal de Ramón Cabanillas”. E certamente é así.

Cambados está xa no título do libro. O noso vento mareiro non é só o vento que vén do mar como o definen os dicionarios, senón que se trata dun ventoiño maino e agarimoso que no final da primavera e no verán, do mediodía ó solpor, vén da parte da Curota, na outra banda da ría, ata esta ribeira do Salnés, despois de zoar entre as candeas dos piñeiros de Traghove.

Cambados está na dedicatoria do libro, ese “A ti meu Cambados, probe e fidalgo e soñador” que dorme deitado ó sol á beira do mar, arrolado polo cantareiro son dos piñeirais e agarimado polos pazos lendarios da vila, dedicatoria que se labrou na pedra do con do monte da Pastora que está no alto do monumento no paseo da Calzada deseñado por Asorey, colocado sobre pedras traídas de Traghove.

Cambados está na composición “A sombra do pinal”, que neste acto recitará Margarita Ledo, texto no que de xeito tan fermoso e tan moderno poetizou o piñeiral enraizado nas laxes da beiramar, que daquela debía chegar ó Bico do Cabo, como lle chamaban os vellos á parte de Traghove que entraba no mar.

Cambados está no longo poema “O sábado na escola”, onde lembra as horas felices da súa infancia na escola do convento, a carón da igrexa parroquial, á que acudiron tantas xeracións de rapaces cambadeses. Non foi o meu caso, porque miña nai non quería que de neno eu só atravesase a estrada que separaba Fefiñáns de Cambados, polo que acudín á escola do noso barrio; pero a esa escola do convento de neno si acudiu meu pai, que tivo a sorte de ter un mestre republicano,

represaliado despois de xullo do 36, que no canto de mandar rezar, facía que os nenos aprendesen e cantasen o “Que din os rumorosos”.

Ese poema “O sábado na escola”, dedicado ó seu compañeiro O Peludo, comeza cunha alusión a Cambados e o seu pasado⁷:

¡Vila morta, vila morta,
 aldeana e mariñeira,
 na que me crié! ¡Qué encanto
 tén o pasado que encerras!
 ¡Como me vexo, inda neno,
 brincando sobre das pedras
 da praia, rubindo ós valos,
 xogando nas alamedas...!
 ¡Vila morta, vila morta,
 aldeana e mariñeira!
 ¡Con que vida de milagre
 resurde a visión daquela
 casa de escola, asentada
 no adro, a carón da igrexa!

No poema evoca a “baranda / da escala longa e estreita / do patín”, que está tal cal, e tamén as “ventaniñas / craras, ridoras, abertas / sobre da horta do antigo / convento!”; evoca o son das campás da parroquial, pegada á escola, que lles viñan dicir ós nenos “¡Mañán / non hai escola, que é festa!”, e evoca “o cantar da ágoa / nos fondos pilóns de pedra / e os arumes dos laranxos, / dos craudios e das pereiras”, auga e froiteiras que serían as da chamada casa Fraga, onde está a Biblioteca Municipal que desde o pasado 31 de outubro leva o nome de Luís Rei.

Evoca no poema as vellas hortas dos frades e a luz amarela do sol que douraba a escola ó correr da tarde; evoca cando o “bo maestro / petando na mesa / acalaba o rechouchío” e explicaba a parábola do rico Epulón; pero aquel silencio profundo, aquela paz e calma completa, ás veces rompíaa un feixe de bolboretas, que entraban polas ventás “revoando atolondradas / ó rededor das cabezas”, e outras veces eran os pardais que “pousados nunha figueira / armaban unha dos demos / cos seus chilidos”; e tamén evoca a saída da escola, á tardiña baixa, cando a vereía tiña un dourado resplandor e o vento do mar traía os cheiros da seba. E remata o poema con estes versos:

⁷ Cito polo texto editado por Alonso Montero en Cabanillas (1979: 228-232).

¡Vila morta, vila morta,
 aldeana e mariñeira...!
 ¡Tardes da escola! ¡Fontiñas
 de ágoas limpas e segredas!
 ¡Raiolas de sol dourado
 na negrura da tromenta!
 Nunca podréi esquecervos...

¡Meu recordo é unha roseira
 que ten, frescas e arumadas,
 máis rosas canto máis vellas!

4. CASTELAO E O VENTO MAREIRO

Volvo ó título da obra que conmemoramos. Na historia do galego escrito o primeiro que emprega este sintagma é o pontevedrés Sarmiento, que tamén usa o adxectivo *mareiro* referido ó golfe (un tipo de alga mariña) e ó estrume de diversas algas mariñas⁸. A segunda documentación de *vento mareiro* está n'*A gaita gallega*, do tamén pontevedrés Xoán Manuel Pintos, que vivira uns anos en Cambados exercendo de xuíz; nesta vila escribiu o seu primeiro poema en galego e dedicoulle un capítulo n'*A gaita gallega* á fartura marisqueira do areal do Serrido, e particularmente á ceifa dos “birbirichos”, como dicimos os cambadeses e como escribe Pintos. Con todo, a través de Cabanillas o *vento mareiro* debeu pasar a moitos outros autores, seguramente ó tamén pontevedrés Amado Carballo⁹ que, como xa dixen, quedara impresionado pola beleza, a forza expresiva, a modernidade e a lingua do poemario.

Crieime entre xente do mar de Fefiñáns para a que o *mareiro* é un ventoiño maino e leve, que vén do costado de noroeste da ría (ás veces de Sálvora, na propia boca da ría), no final da primavera e no verán, desde o mediodía á tardiña baixa, que no solpor é substituído polo *nordés*, que vén da terra (e non do mar); e no inverno, da mesma zona do Barbanza, vén o *vento da travesía* ou *travesía*, que non é precisamente maino, máis ben todo o contrario. Era o que sopraba cando naufragou o *Prestige*, o petroleiro que fixo que os nosos mares chorasen bagoas negras de tanto piche que arriou.

O sintagma *vento mareiro* na acepción cambadesa non se coñece no costado de noroeste da ría da Arousa, non é vento popular en Ribeira, como tampouco o é no Porto do Son nin en Noia, na parte do Barbanza que dá á ría de Muros.

8 Para as primeiras documentacións de *vento mareiro* no galego escrito cf. TILG, lema *mareiro*.

9 Na súa obra rexístrase en frases como “vento mareiro da Carnota” (*Os probes de Deus* 1925) e “aldeán vento mareiro” ou “vento mareiro silenzoso” (*Proel* 1927).

Si o é en Rianxo, oficialmente da comarca do Barbanza, pero podería dicirse que está nesta mesma beira da ría, con relacións desde sempre dos de Rianxo cos mariñeiros deste costado da ría e con relacións comerciais particularmente con Vilagarcía, unida por barco. Rodríguez Castelao (1971: 30), nunha conferencia sobre o autor de *Divinas palabras*, afirmaba que el e Valle-Inclán eran da mesma beira, a que está fronte ó Barbanza: “Don Ramón, pues, es gallego, como yo; arosano, como yo; y, además, había nacido en la misma orilla en que yo nací, mirando el Barbanza”.

Para a xente do mar de Rianxo o *vento mareiro* é unha brisa suave, que sopra de calquera sitio e que permite navegar con tranquilidade, mentres que o *vento do mar* sopra do sur e trae temporal e chuvia¹⁰. O *vento mareiro* aparece na obra de clásicos rianxeiros, na poesía de Manuel Antonio e na prosa de Rafael Dieste¹¹.

Mañá fai 94 anos que apareceu a 2ª edición de *Vento mareiro*, tal como consta no colofón: “Acabóuse de imprimir o 15 de Samartiño do 1921”. Xa indiquei que a cuberta é de Castelao; pero nela non estamos a ver o efecto dun vento agarimoso e maino, máis ben o do *vento do mar* rianxeiro, porque a auga do mar ten a cor agrisada dos días do mal tempo (e non o azul mariño dos días do vento mareiro) e as copas dos piñeiros están dobradas.

Hai uns meses o bo amigo Takekazu Asaka, tradutor de Cabanillas ó xaponés, mandoume un breve texto seu sobre a cuberta da 2ª ed. de *Vento mareiro* (Asaka 2015), que me permitiu coñecer a xénese desa cuberta de Castelao e esquecerme se o rianxeiro pintou o vento mareiro ou o vento do mar de Rianxo. Castelao inspirouse moi probablemente na obra de Hokusai Katsushika (1760-1849), debuxante, gravador e pintor, un dos máis grandes paisaxistas xaponeses, que pintou de xeito moi real o vento sen que o vexamos. Hokusai é autor dunha serie de 36 gravados con paisaxes do Monte Fuji; na xilografía titulada *Sunshuu Ejiri* (“Nome dun lugar”), datada arredor do 1823, vense en primeiro plano dous salgueiros (ou dous amieiros) inclinados cara á dereita e varios viaxeiros dun total de oito, que van andando por un carreiro alto, supoño que entre campos de arroz; e vense bastantes papeis que van choutando por mor dos refachos de vento forte, camiño do Monte Fuji, que se insinúa no fondo cun simple trazo.

10 Esta información foime fornecida por Carme García, estudosa do léxico mariñeiro de Manuel Antonio e do galego oral de Rianxo.

11 En Manuel Antonio (2014) aparece nun poema do 1924 (“Ó volver, vento mareiro / c’o teu arrollo de fel, / trai o ronsel silandeiro / d’aquel mozo mariñeiro”). No poema “Guarda de 12 a 4” do poemario *De catro a catro* (1928), o poeta rianxeiro inclúe unha cantiga popular onde aparecen o *vento do mar* e o *vento mareiro* como sinónimos (“Vente ventiño d’o mar / vente ventiño mareiro / vente ventiño d’o mar / vente noso compañeiro”), aplicados a esa brisa suave que dá bo navegar. Dieste (1973: 67) úsao nos *Arquivos do trasno* no relato “Pampín”: “Un nós de moita largueza, no que caben rafegas de vento mareiro, disputas de gavotas arremuiñadas, escumas e dondas a correr pola area...”. Tamén son sinónimos na cantiga “Vente ventiño do mar / vente ventiño mareiro / qu’unque me léve-la gorra / tamén sei andar en pelo”, e o mesmo en “non lle temas mariñeiro / ó ventiño do mar/ que o vento mareiro / dá mellor navegar”.

Arredor do 1919 Castelao pintou un cadro titulado *Vento mareiro* cunha composición semellante a esa xilografía de Hokusai. Na obra de Castelao vense dous piñeiros tamén virados á dereita, que parecen talmente os dous salgueiros da obra xaponesa, cunhas pólas moi parecidas; vese un home que vai pola praia e o forte vento apréciase nas árbores, pero tamén nas ondas do mar que rompen na mallante¹², que non se ve.

Ese cadro de Castelao, que é practicamente o da cuberta do libro de Cabanillas do 1921, fai pensar nun día de inverno de forte temporal, porque o mar, o ceo e os piñeiros teñen unha cor negra e de cor escura é a roupa do home que algo encollido vai andando por unha praia con area de intensa cor amarela. Na cuberta do poemario o mar e o ceo teñen unha cor agrisada outonal, a ramaxe dos piñeiros parece verdosa e a roupa do home semella o azul escuro da tea de Maón da roupa tradicional dos mariñeiros.

Arredor do 1929 Castelao pintou un novo cadro que titulou *Vento mareiro*, coma o do 1919; pero como salienta Asaka, no novo cadro cambia a composición, pois agora vense cinco piñeiros grandes (os dous do medio son case os da cuberta do poemario), hai varios piñeiros pequenos en primeiro plano e tres piñeiros (un deles pequerrecho) pegados a un valado levantado na propia praia; a cor do ceo e a do mar lembra a da cuberta do poemario e azul escura é a roupa do mariñeiro da praia, sen que aparezan as cores negras ou grises de máis do cadro do 1919.

Remato reiterándolle o meu agradecemento á Real Academia Galega por vir unha vez máis a Cambados, nesta ocasión para lles poñer o ramo ós diversos actos deste mes de novembro cos que no concello se celebrou o anovador poemario *Vento mareiro*. Ademais, quero agradecerlle ó profesor e investigador Emilio Xosé Ínsua, viveirense de nacemento como Antón Villar Ponte, cambadés de corazón e veciño do Fefiñáns da parte de detrás do Bosque, que se deixase embarcar neste acto cun fermoso e moi documentado relatorio sobre a intensa relación entre Cabanillas e as Irmandades da Fala; e idéntico agradecemento quero expresar-lles ó mestre gaiteiro Xaquín Xesteira, cambadés de nacemento e veciño da ribeira de Fefiñáns, e ós seus fillos Anxo e Roi, que abriron o acto coa interpretación da muiñeira de Cambados, da que Xaquín é autor, e que o fecharon tocando o Himno galego.

Saúde e longa vida á Patria da Lingua Galega, á que Ramón Cabanillas consagrara tantos anos do seu camiño longo.

12 En varios poemas Cabanillas escribe *o mallente* (Fernández Rei 2015: 227-228), forma que escoitei á xente mariñeira de Fefiñáns, pero con xénero feminino, *a mallente*. En Rianxo dise *a mallante* (termo vivo en Noia e en Muros), que usa Manuel Antonio nun poema de *Viladomar* (1928).

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Asaka, Takekazu (2015): *En torno á cuberta de Vento mareiro de Ramón Cabanillas*. Toquio (inédito).
- Barcia Caballero, Juan (1917): “Da terra asoballada”, *El Eco de Santiago* 8/ VIII/1917. Reproducido en Cabanillas 1981: 618-619.
- Cabanillas, Ramón (1979): *Obras completas*. Vol. I. Madrid: Akal. Edición e notas de Xesús Alonso Montero.
- (1981): *Obras completas*. Vol. III. Madrid: Akal. Edición, limiar, notas e bibliografía de Xesús Alonso Montero.
- Carballo Calero, Ricardo (1959): “Notas sobor da obra de Ramón Cabanillas”, en Ramón Cabanillas, *Obra completa*. Buenos Aires: Galicia, 13-41 [O colector da obra foi Francisco Fernández del Riego].
- Caride Ogando, Ramón (1988): “Oitenta e tres anos de *Vento mareiro*”, en *Vento mareiro. Celebración da publicación dun libro mítico*. [Cambados]: Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia, s.p.
- Dieste, Rafael (1973³): *Arquivos do trasno*. Vigo: Galaxia.
- Fernández del Riego, Francisco (2000): “A miña visión do poeta cambadés”, *Pontenorga. Revista de Estudos Sociolingüísticos* 2, 21-31. [=Actas das I Xornadas sobre Ramón Cabanillas. Cambados 6-7 novembro 1999].
- Fernández Rei, Francisco (2015): *Ramón Cabanillas, Cambados e o mar da Arousa*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- L[ópez] Aydillo, Eugenio (1915): “El revivir de la lírica gallega. El gran poeta Cabanillas”, *Estudios Gallegos*, 14, 1-2. Reproducido en Cabanillas 1981: 607-610.
- Manuel Antonio (2014): *Obra completa. Volume II: Poesía*. A Coruña: Fundación Barrié / Real Academia Galega. Edición e notas de Xosé Luís Axeitos Agrelo.
- (2015): *Obra completa. Volume III: Epistolario*. A Coruña: Fundación Barrié / Real Academia Galega. Edición e notas de Xosé Luís Axeitos Agrelo.
- Millán Otero, Xosé M. (1996): “O anuncio dos novos tempos: Ramón Cabanillas”, en Alberte Ansede Estraviz e Cesáreo Sánchez Iglesias (dirs.), *Historia da literatura galega*. Vigo: Asociación Socio-Pedagóxica Galega / A Nosa Terra.
- Pena, Xosé Ramón (1996): *Manuel Antonio e a vangarda*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.
- Peña Novo, L[ois] (1917): “Cabanillas, Barcia Caballero”, *A Nosa Terra* 28-29, 1-2. Reproducido en Cabanillas 1981: 620-623.
- Rei Núñez, Luís (2000): “Cabanillas en Cambados: a forxa dun poeta”, *Pontenorga. Revista de Estudos Sociolingüísticos* 2, 33-52. [=Actas das I Xornadas sobre Ramón Cabanillas. Cambados 6-7 novembro 1999].

- (2009): *Ramón Cabanillas. Crónica de destierros e saudades*. Vigo: Galaxia.
- Rei Romeu, Manuel (1989): “A recepción crítica da obra de Cabanillas”, en *Ramón Cabanillas. Camiño adiante. A Nosa Terra*, extra *A Nosa Cultura* 10, 66-78.
- Risco, Vicente (1922): “*Vento mareiro*”, *Nós* 10, 23. Reproducido en *Cabanillas* 1981: 627.
- Rodríguez Castelao, Alfonso (1971): *Galicia y Valle-Inclán*. Lugo: Celta.
- TILG = Santamarina, Antón (coord.): *Tesouro informatizado da lingua galega*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. <<http://ilg.usc.es/TILG/>> [Consultado: outubro 2015 e febreiro 2016]
- X [= Villar Ponte, Antón] (1917): “Ramón Cabanillas, Poeta da Raza”, *A Nosa Terra* 32, 6; 33, 6; 34, 6; 35, 5; 37, 6; 38, 6 e 39, 6. Reproducido en *Cabanillas* 1981: 615-617.